

ORATORIOS, CRUCES DE MISIÓN E VIACRUCIS DO CONCELLO DE PALAS DE REI

AUTORES

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO
MANUEL MUÑIZ BESTEIRO

Publicado nas “**Actas do IX do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas**”. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2019.

Damos as grazas as seguintes persoas polas informacións recadadas na elaboración do presente traballo. *José Luís Costa González, Ramón Ángel López, Carlos López Varela, Josefina Ouro, Esther Viña Campelo, Ana María Ferreiro Besteiro.*

I. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO MUNICIPIO DE PALAS DE REI.

Trátase dun municipio, que está situado na bacía alta do Ulla e posúe unha extensión de case 200 km² (199,58), onde hai 43 parroquias ¹. Nelas distribúese – segundo o I.G.E. do 2017- unha poboación de 3489 habitantes. Este municipio lucense está situado no centro xeográfico de Galicia, limitando coas provincia de A Coruña e Pontevedra e constituíndo xunto a Monterroso e Antas de Ulla a comarca de “A Ulloa”, val fértil polo que transcorre o río Ulla. A capital municipal radica na entidade de poboación de Palas de Rei, que reúne a maioría da poboación municipal ; este núcleo de poboación dista 35 km. da capital provincial e está situado á beira da estrada N-547, Lugo – Santiago de Compostela.

Dende unha óptica xeomorfolóxica, este municipio caracterízase por ser unha penechaira, que se foi formando a consecuencia dunha antiga superficie de erosión.

Con respecto á poboación, houbo unha evolución positiva no século XX, que durou ata o ano 1940 – agás o leve retroceso entre os anos 1920 e 1930-. Non obstante, a partir deste ano (1940) houbo unha constante perda de poboación ata chegar ao intre actual. Este declive poboacional foi debido a emigración – moi cuantiosa nas décadas dos 50 e 60 do século pasado- que ocasionou que a poboación fora diminuindo e que o envellecemento da mesma fora crescendo.

Dende unha óptica histórica as abondosas pegadas, reflectidas nas mámoas – Casa das mouras en Chorexe, costa das medorras en Cobreiro-; nos dolmens; e nos castros – algúns deles romanizados (Carteire, Marzá...)- lévanos a pensar que neste municipio houbo antigos asentamentos humanos. No século VI o Códice Calixtino dinos que esta zona é un importante burgo medieval, constituíndo o remate da penúltima etapa de peregrinación. Ademais, neste territorio tiveron propiedades algúns mosteiros como os de Samos e Toques; algunhas casas nobiliarias como as de Lemos, Ulloa, Traba e Monterrei; e mesmo o bispo de Lugo. Bastantes anos despois as xurisdiccións antigas foron desaparecendo e no seu lugar foron xurdindo uns concellos de base constitucional como o da Ulloa, Augasantas e Vilar de Donas, que nos seus inicios pertencían ao

¹ ÁLVAREZ CAO, Charo.: “ Palas de Rei”, *en Galicia, pueblo a pueblo*. A Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 983-987.

partido xudicial de Melide ². Finalmente, no ano 1840 naceu o actual concello de Palas de Rei, que ía pertencer ao partido xudicial de Chantada.

A nivel cultural cómpre distinguir unha arquitectura relixiosa – de influencia románica- reflectida nunha serie de capelas e igrexas parroquiais entre as que cómpre facer alusión á igrexa de Vilar de Donas, que nos seus comezos pertencía a un mosteiro fundado a mediados do século XII ³. Con respecto á arquitectura civil hai que facer referencia ao castelo de Pambre.

Dende unha perspectiva económica, o 40,70% da poboación activa dedícase a actividades agropecuarias, sendo a gandería a ocupación fundamental principalmente a destinada á produción de leite. Hoxe aínda seguen sendo moi relevantes os queixos da Ulloa. A industria, representada por algúns serradoiros; por unha industria extractiva; e por algúns montaxes eléctricos da emprego ao 11,5% da poboación. A construción con escasa oferta só acolle ao 11,5% da poboación activa. Como remate, o sector terciario referido aos servizos administrativos; sanitarios; educativos; actividades comerciais variadas: cafeterías, comercios de índole familiar, pensións etc., son o destino do 37% da poboación activa. Estes servizos concéntranse basicamente na capital municipal e algúns xurdiron ao ser a vila de Palas lugar de tránsito do Camiño de Santiago.

II. ESENCIA E SIGNIFICADOS DUNHA MISIÓN.

Dende sempre houbo grupos de persoas, que impuxeron a misión de espallar a mensaxe de Cristo no Evanxeo. Recibiron o nome de misioneiros, tanto foran laicos como relixiosos. A partir da modernidade algúns predicadores, pertencentes a diferentes ordes relixiosas, dedicáronse a percorrer un bo número de vilas e outras entidades de poboación; o seu obxectivo era dar a coñecer aos seus habitantes algúns contidos sobre o dogma, a moral, e a ritualística relixiosa. Foi o nacemento das misións populares, que viñan durando de catro días a unha semana, e mesmo máis, segundo as circunstancias de cada vila e parroquia.

A misión podía ser sufragada por un fregués ou por unha casa da parroquia debido a unha promesa ou mesmo como sufraxio por el ou os seus defuntos. Tamén podía ser ofrecida pola comunidade parroquial, que contribuía mediante donativos voluntarios aos gastos da mesma. Tanto nun caso como noutro adoitaba delegarse no párroco a súa planificación. Este soía chamar a dous predicadores dunha orde relixiosa, que tentaban

² Equipo Ir Indo.: *Galicia en comarcas. Chantada e a Ulloa*. A Coruña: Ir Indo. A Voz de Galicia, páx. 151.

³ ÁLVAREZ CAO, Charo.: “ Palas de Rei”, *en Galicia, pueblo a pueblo*. A Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páx. 987

acadar o arrepentimento e conversión da comunidade mediante sermóns, prédicas, confesións, comuñóns etc. A celebración dunha misión tiña para a comunidade un sentido polivalente.

1º. SENTIDO FESTIVO.

Nos días nos que se celebraba a misión soíase traballar parcialmente. Eran días que os mozos e mozas das freguesías lindantes ao lugar da misión aproveitaban para relacionarse. Este contacto entre ambos os dous sexos só era posible nas feiras, nas festas parroquiais e nalgúns labores agrícolas. Polo tanto, non resulta estraño que este acto litúrxico fose esperado impacientemente.

2º. SENTIDO DE INTEGRACIÓN.

Os fregueses das comunidades lindantes acudían normalmente en procesión precedidos polos seus párrocos e varios fregueses, que portaban as cruces e pendóns parroquiais, así como as diferentes imaxes de devoción, que ían presidir os diferentes cultos, levados a cabo na mesma. Estas adoitaban ficar nunha ou máis casas próximas ao lugar da misión ata que esta rematase. Logo, eran de novo devoltas aos seus lugares de orixe en procesión e acompañadas polos seus fregueses ⁴.

3º. SENTIDO RELIXIOSO.


Os predicadores asistentes á misión adoitaban falar en exceso da morte, dos perigos do inferno, da necesidade do arrepentimento, etc. A aprendizaxe deste conceptos doutrinais e doutros máis, realizábanse as máis das veces por medio do medo e a inquietude, que producían entre os asistentes as diferentes prédicas e sermóns impartidos polos membros da orde relixiosa correspondente. Era un cambio drástico para os diferentes fregueses afeitos á familiaridade dos seus respectivos párrocos, que cos seus rituais simples e sinxelos chegaban máis fondamente á persoa.

4º. SENTIDO PROPAGANDÍSTICO.

Os diferentes predicadores, ademais da mensaxe de renovación espiritual e de atención aos sacramentos, aportaban tamén a devoción da súa Orde por medio de estampas, gravados, e mesmo imaxes para colocar na igrexa parroquial. Así, os capuchinos traían consigo a devoción a San Antón de Padua; os pasionistas, a Paixón de Cristo; os redentoristas, a devoción á Nosa Señora do Perpetuo Socorro etc.

III. MAPAS DE PALAS DE REI.

⁴ BLANCO PRADO, *José Manuel.: Religiosidad popular en el Municipio de Begonte (Lugo)*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1992.




0 10 20 30 40 km



RESEÑA NUMÉRICA DAS PARROQUIAS QUE POSÚEN "CRUCES MISIONAIS", "ORATORIOS", "CRUCES DE MISIÓN" E "VÍA CRUCIS" - CONCELLO DE PALAS DE REI

CÓDIGO	NOME
1	Albá (Santiago)
2	Ambreco (San Vicenzo)
3	Augas Santas (San Xurxo)
4	Cuíña (Santa María)
5	Lala (San Xoán)
6	Marzá (Santa María)
7	Moredo (San Fiz)
8	Palas de Rei (San Tirso)
9	Pidre (Santa María)
10	Quindimil (San Miguel)
11	San Breco (Santa María)
12	San Mamede do Carballal
13	Vilareda (San Pedro)



IV. MONUMENTOS LIGADOS ÁS MISIÓN.

O día da clausura da misión bendicíase unha cruz, que ía perpetuar o evento relixioso. Esta adoitaba colocarse no interior dun oratorio ou nun lugar da igrexa parroquial ben interior ou exterior, que fora visible para todos os fieis.

1. ORATORIOS.

Son construcións alleas ás igrexas parroquiais ou forman parte delas por medio de pórticos, que adoitan estar adosados polos seus flancos. Acubillan no seu interior unha ou máis cruces de madeira, que foron realizados en lembranza dalgunha misión. Neste concello hai dous oratorios: o da Santa Cruz, situado na parroquia de Sta. María de San Breixo; e o da parroquia de Sta. María de Cuíña. Na comarca da Ulloa, á que pertence Palas de Rei, tamén cómpre facer referencia ao de Santa María de Pedraza (Monterroso). Este contén unha cruz de madeira, do ano 1702, baixo baldaquino, sostida por unha base de pedra. Está situado no adro da igrexa de Santa María de Pedraza (Monterroso) (Lugo) ⁵.

1.1. ORATORIO DA SANTA CRUZ.

Coordenadas U.T.M. $X= 587.599$ $Y= 4.746.663$

Por tradición oral coméntase que a principios do século pasado había dous oratorios ao aire libre. Hoxe queda un, que está situado no lado esquerdo da pequena praza do lugar de San Breixo. Hai anos estaba colocado uns cincuenta metros máis arriba do seu actual emprazamento. Trátase dunha pequena construción de estrutura cuadrangular, que posúe un teitume de madeira e unha cuberta a catro augas, sostida por catro columnas graníticas. A esta edificación accédese por unha escaleira de cemento de catro chanzos e unha porta metálica, provista dunha cruz na súa parte superior, que forma parte dun enreixado metálico; este, de forma xeométrica, está composto de catro corpos moi semellantes. Esta obra está rodeada por un muro de cachotería nos seus flancos; e ademais está pechada na súa parte posterior por unha parede composta de pedra miuda, area, cemento e cal. Nesta parede están adosadas as dúas cruces laterais do Calvario;

⁵ FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao.: Os Xesuítas e as Santas Misións en Galicia. Regueiro de Cruces, *en Actas do V Congreso Galego de Cruceiros*. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, Vigo, 2014

pola contra a cruz central, máis complexa en canto a medida e ornamentación, non está ao mesmo nivel que as outras, permanecendo un pouco saínte. **(Foto 1).**

Este Calvario, de madeira, está ligado a unha misión celebrada polos Pais Capuchinos en abril do ano 1958. As cruces laterais, son de forma latina, e os remates de ambos os dous brazos son en forma de trevo. Polo que respecta á ornamentación e inscricións, que amosan, só a cruz do lado esquerdo mostra as seguintes inscricións:

Na parte superior do brazo vertical manifestase a palabra **“Gloria”**; na parte media, aparecen os días nos que se celebra a misión, **“19-21”**; o mes, **IV** (Abril); o ano, **“58”** (1958); e a Orde, que a impartiu, **“PP. Capuchinos”**; na parte inferior, móstrase a palabra **“Infierno”**. Ademais, no lado dereito do brazo esquerdo amósase a palabra **“Muerte”** no seu tramo final ; así mesmo, no lado esquerdo maniféstase a palabra **“Juicio”**. En canto a cruz central, tamén de forma latina, mostra unha maior complexidade en canto á medida e decoración. Presenta como sostén unha base granítica, que posuía denantes da súa restauración unha moldura en escocia, separando dous tramos de forma troncopiramidal; o superior coas arestas biseladas. Na actualidade a base amosa nunha orde descendente un tramo paralelepípedo apoiado nunha molduración cóncavo-convexa. Ademais esta cruz latina de relevantes dimensións amosa uns resaltes metálicos cuns enfeites a xeito de bolas nos extremos de ambos os dous brazos. Con respecto aos ornatos ou motivos decorativos, ligados en boa medida a Paixón de Cristo, maniféstanse en ambos os dous brazos da cruz. Así, o brazo vertical amosa nunha orde descendente os seguintes ornatos: **“tres cravos”**⁶ ; **“unha pomba”**⁷; unha inscrición co nome de **“INRI”**⁸ ; **“un galo”**⁹; **“unha coroa de espiñas”**,¹⁰ situada na intersección de ambos os dous brazos, que mostra no seu interior un corazón e unha pequena cruz na súa parte superior; **“unha hostia”**¹¹; **“un cáliz”**¹²; logo, **dúas varas**

⁶ Alude aos cravos da crucifixión de Cristo. Trátase dun novo elemento, que se puxo logo da restauración do monumento.

⁷ Símbolo do Espírito Santo. Identificación frecuente ao longo da historia da arte cristiá.

⁸ Trátase da sigla de “Iesus Nazarenus Rex Iudeorum” (Xesús Nazareno Rei dos Xudeus). Esta inscrición soía poñerse sobre o mesmo pao da cruz ou sobre unha taboa, colocada sobre o mesmo pao.

⁹ Fai alusión ao apóstolo San Pedro e as súas negacións cando Xesús lle dixo: “No cantara el gallo sin que me hayas negado tres veces” (San Xoán, 14,38)

¹⁰ Era un instrumento de tortura usado polos romanos e que tamén llo puxeron a Cristo na cabeza,

¹¹ Trátase dunha oblea de pan ácimo consagrado polos cregos na misa. Os católicos creen na transubstanciación, dogma que afirma que durante a consagración a hostia convértese na carne de Cristo e o viño no seu sangue.

¹² Tiña como función recoller o sangue e a auga, que xurdiron do peito de Cristo, logo de que un soldado romano lle abrise o peito cunha lanza.

alongadas, que se cruzan e apoian no brazo central ¹³; *“un látego”*, que xa non aparece coa restauración do monumento ¹⁴; unha escaleira de dez banzos ¹⁵; por baixo da escada *“un corazón”*, que leva inscrito un novo corazón e unha cruz; logo, *“unha caveira”*; e, como remate, *“dúas tibias entrecruzadas”*, por riba dun peto ¹⁶. O brazo horizontal mostra dous instrumentos da paixón: o lado dereito, *“as tenaces”*; e o lado esquerdo, *“o martelo”* ¹⁷. **(Foto 2)**

Este oratorio foi sufrindo un continuo deterioro ao longo deste século debido a que a súa estrutura non estaba debidamente protexida das condicións metereolóxicas adversas. Isto deu lugar a que a cruz central do Calvario aguantase o peso de boa parte da cuberta do Oratorio durante certo tempo, ata que no ano 2016 se levou a cabo unha urxente restauración do monumento ¹⁸.

Os traballos de restauración consistiron en cambiar todo o tellado, recuperar as columnas, así como a cruz central do Oratorio, na que se expoñen dos diferentes símbolos da crucifixión de Xesús. Estas tarefas foron realizadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello.

1.2. ORATORIO DE SANTA MARÍA DE CUIÑA.

Coordenadas U.T.M. *X= 588.894* *Y= 4.751.128*

Trátase dunha estrutura porticada, que está anexada ao muro lateral dereito preto da fachada. No seu interior hai unha cruz misional; de madeira; de forma latina; e de relevantes proporcións, que se encontra adherida ao mencionado muro. Os tramos finais da cruz horizontal e a parte superior da cruz vertical rematan nuns resaltes metálicos. En canto ás inscricións só hai que sinalar o epígrafe “INRI” na parte superior do brazo lonxitudinal. Con respecto aos elementos decorativos, ligados na súa totalidade coa Paixón de Xesús, sinalamos os seguintes ¹⁹: **(Foto 3).**

¹³ Unha das varas, simboliza á lanza, que usou un soldado romano para cravarlla nun costado a Cristo, o que deu lugar a que saíse sangue e auga, segundo o evanxeo do San Xoán; a outra, representa á lanza, que amosaba na súa parte superior unha esponxa con vinagre e que un soldado romano lle acercou a boca de Xesús, logo de dicir: “Teño sede” (Evanxeo de San Xoán).

¹⁴ O látego vai moi ligado a flaxelación de Xesús.

¹⁵ A escada simboliza o Descendemento de Xesús da cruz, logo de morrer.

¹⁶ A caveira e máis a tibia simbolizan a redención do primeiro home, Adán, así como ao propio monte Gólgota, onde Xesús foi crucificado. Ademais é o símbolo do triunfo da Cruz sobre o pecado e a morte; e unha clara alusión á Resurrección de Cristo.

¹⁷ O martelo sería utilizado para cravar a Cristo na cruz; pola contra, as tenaces úsanse para quitar os cravos da cruz e desta maneira poder descendelo.

¹⁸ José Luís Costa González, fregués de Santa María de San Breixo.

¹⁹ A simbolización destes elementos é a mesma, que a que puxemos para o Oratorio de San Breixo.

No tramo superior do brazo vertical amósase “*un galo*”; na intersección de ambos os dous brazos maniféstase “*un corazón en chamas*”²⁰; nos tramos medio e inferior da mencionada cruz e seguindo unha orde descendente distinguimos: “*a representación da hostia*”, “*do cáliz*”; logo, veñen “*as dúas varas alongadas*”, que se cruzan e apoian no brazo central; baixo a intersección de ambas as dúas varas, móstrase “*unha coroa de espiñas cun corazón inscrito*”; a continuación, unha escada de nove banzos e, como remate, “*unha caveira sobre dúas tibias superpostas*”. No brazo horizontal maniféstanse “*unhas tenaces*” no lado dereito; e “*un martelo*” no esquerdo.

Hai anos, segundo *Celia Viña Paredes* ²¹ todos os os primeiros venres de mes acudían fregueses da parroquia ao atardecer para rezar ao carón desta cruz. **(Foto 4)**

2. CRUCES DE MISIÓN.

2.1. CRUCES EXTERIORES.

Neste concello son todas de mármore e adoitan estar colocadas nas fachadas e tamén nos muros da igrexas parroquiais.

2.1.1. PARROQUIA DE ALBÁ (SANTIAGO DE)

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 590.906 Y= 4.744.351

A cruz esta colocada na parte posterior da igrexa parroquial. É de forma latina, de mármore, e con formas de trevo nos extremos de ambos os dous brazos. No tramo superior do brazo lonxitudinal lese a inscrición “*JHS*”; por riba da letra “*H*” hai unha pequena cruz latina ²². No tramo medio e inferior deste mesmo brazo maniféstase a lenda “*DE / P.P. / DE S.J*” –nun sentido inclinado-. No tramo inferior móstrase a inscrición “*XXX – V -/ 1946*”. Polo que respecta ao brazo horizontal lese o epígrafe “*SANTA*” no lado dereito, e “*MISION*” no lado esquerdo. A lenda “*DE / P.P./ DE S.J*” refírese a Compañía de Xesús (en latín: Societas Jesu, S.J.). Os seus membros son coñecidos como xesuítas, orde relixiosa fundada no ano 1534 polo español Ignacio de Loyola. **(Foto 5)**

²⁰ Representa o símbolo do amor infinito que Xesús nos ten.

²¹ Informante da parroquia de Santa María de Cuiña.

²² Ver cita 25.

2.1.2. PARROQUIA DE AUGAS SANTAS (SAN XURXO).

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 593.264 Y= 4.754.928

Está disposta na parte superior do muro lateral dereito preto da fachada. Trátase dunha cruz latina, de mármore, e con formas de trevo nos extremos de ambos os dous brazos. No brazo horizontal maniféstase a inscrición, moi xenérica neste tipo de cruces, de **“SANTA MISIÓN”**. No tramo final do brazo vertical amósase a inscrición **“J.H.S”**²³. Nos seus tramos medio e inferior móstrase lonxitudinalmente a inscrición:

“ P.P. / DE LA / COMPAÑÍA / DE / JESÚS / MAIO / ”. Finalmente, no seu tramo inferior a lenda **“1925”**.

2.1.3. PARROQUIA DE MOREDO (SAN FIZ).

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 590.386 Y= 4.754.333

Está emprazada na fachada central da igrexa e por riba da entrada central. É unha cruz latina, de mármore, e con formas de trevo nos tramos finais dos seus brazos. En canto ás inscricións, no brazo horizontal lese ao longo do mesmo **“SANTA MISIÓN”**. Na parte superior do brazo vertical mostrase a inscrición **“JHS”**²⁴. Na parte media e inferior maniféstase dun xeito lonxitudinal o epígrafe **“P.P. / JESUÍTAS – colocado oblicuamente- /9 - VII – 58 / “**. No tramo inferior móstrase a lenda **“DONADA POR JOSÉ LOUZA LOPEZ ”**. (Foto 6)

2.1.4 PARROQUIA DE PALAS DE REI (SAN TIRSO DE).

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 529.456 Y= 4.747.269

Está situada no lado dereito da fachada da igrexa parroquial. É unha cruz latina, de mármore, e con formas de trevo nos extremos de ambos os dous brazos. Na parte superior do brazo vertical lese a inscrición: **“JHS”**²⁵. Na parte media e inferior deste mesmo brazo lese en sentido lonxitudinal a seguinte inscrición: **“P.P. / DE LA / COMPAÑÍA / DE / JESÚS / MAIO / 1903”**. Ao longo do brazo horizontal amósase a inscrición: **“SANTA MISIÓN”** (Foto 7)

²³ Ver cita 25.

²⁴ “ “ “

²⁵ Trátase dun monograma usado como distintivo pola Compañía de Xesús; a súa significación é: Xesús, Home, Salvador.

B. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 529.455 Y= 4.747.268

Está colocada no flanco esquerdo da fachada da igrexa parroquial. Trátase dunha cruz de forma latina, de mármore, e con formas de trevo nos tramos superiores de ambos os dous brazos. Na parte superior do brazo vertical maniféstase a inscrición “*JHS*”²⁶; por riba da letra “H” hai unha pequena cruz latina. Na parte media e inferior móstrase dunha maneira inclinada a inscrición: “*P.P. / JESUÍTAS / 20-29 / MAIO*”. No último tramo inferior aparece a inscrición: “*1960*”. Con respecto ao brazo horizontal amósase ao longo do mesmo a inscrición: *SANTA MISIÓN*. (Foto 8)

2.1.5. PARROQUIA DE PIDRE (SANTA MARÍA).

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 588.415 Y= 4.742.377

No lado dereito da fachada está situada a cruz misional, que é de mármore, e de forma latina. No lado dereito do brazo horizontal lese o título “*SANTA*”; no lado esquerdo, “*MISIÓN*”. Na intersección de ambos os dous brazos hai gravado un corazón con pequenas ramificacións na parte superior e pequena formas circulares no seu interior. No tramo superior do brazo vertical lese o epígrafe “*JHS*”, que mostra unha pequena cruz latina por riba da letra “*H*”. No tramo medio de dito brazo amósase dun xeito inclinado a lenda “*P.P. JESUÍTAS*”. Finalmente, no tramo inferior móstrase o título “*PIDRE /27- V -/ 1945*”. (Foto 9)

2.1.6. PARROQUIA DE QUINDIMIL (SAN MIGUEL).

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 590.562 Y= 4.749.851

Esta colocada no muro lateral esquerdo e por riba dunha porta de entrada á igrexa parroquial. É unha cruz, de forma latina, de mármore, que amosa formas de trevo nos extremos de ambos os dous brazos. No tramo superior do brazo vertical lese a inscrición “*JHS*”; por riba da letra “H”, hai unha pequena cruz latina ²⁷. Na porción media e inferior deste brazo maniféstase nun sentido lonxitudinal o epígrafe /“*P.P / DE LA / COMPAÑÍA / DE / JESÚS / 22 / MAYO* “%. No sector inferior deste brazo amósase a

²⁶ Cita 25.

²⁷ “ “ “

lenda “1931”. Polo que respecta ao brazo horizontal repítese case sempre o mesmo epígrafe das cruces misionais de mármore, a saber “**SANTA MISIÓN**”. (Foto 10)

B. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 590.558 Y= 4.749.843

Está disposta na parte inferior dereita da fachada. É de mármore, de estrutura latina, que amosa formas de trevo nos últimos tramos dos seus brazos. En canto ás inscricións, lese ao longo do brazo horizontal o título “**SANTA MISIÓN / QUINDIMIL**”/. No sector superior do brazo vertical amósase a inscrición “**JHS**”²⁸. No sector medio e inferior móstrase nun sentido inclinado o epígrafe “**P.P. JESUÍTAS / e 22 -5 – 1949 /** nun sentido vertical. (Foto 11)

Baixo a cruz misional hai unha placa de mármore, na que se amosa unha inscrición, sinalando o lugar onde están enterrados os restos do pai xesuíta **Juan Conde**. Este foi un relevante misionero xesuíta, que finou nesta parroquia, cando ía impartir unha misión.

A lenda da placa di o seguinte:

“RESTOS / DEL / P. JUAN CONDE / DE LA COMPAÑÍA DE JESÚS / MISIONERO INSIGNE / DE GALICIA Y CASTILLA / 14 – MAIO 1899 / DANDO MISIÓN EN ESTA PARROQUIA”.

*** ALGUNHAS REFERENCIAS BIOGRÁFICAS DO PAI XESUÍTA “JUAN CONDE ADAIL”**

Naceu no ano 1848 no pobo salmantino de Villarino de los Aires, situado nas marxes do Douro. Os seus pais, sinxelos labregos, decidiron envialo ao Seminario de Salamanca, Alí, co paso dos anos, decidiu entrar na Orde dos Xesuítas. A súa época máis brillante está constituída dende o seu destino as misións populares, onde exerceu o seu labor entre os anos 1888 e 1899. No obstante é mester distinguir o período comprendido entre os anos 1893-1899, no que formando equipo co Pai Ignacio Santos – o seu biógrafo- impartiron por terras de Castela e Galicia unhas 125 misións. Este misionero, con importantes dotes de orador e retórico, non só impartía pláticas de instrucción aos fieis e pronunciaba sermóns, senón que tamén realizaba un “ritual de bendición da auga”, aproveitando o remanso dalgún río próximo ao lugar da misión. No intre de realizalo dicíalles aos fieis asistentes: “ *Con el agua de San Ignacio teneis cuanto deseias, ya no volvereis a las adivinas para nada; esta agua sirve para curar a las personas y hasta los animales*” ²⁹. Outro tanto facía co pan. Desta maneira tentaba protexer o seu espazo simbólico. Finou na parroquia de Quindimil (Palas de Rei) o 14 de maio de 1899, onde lle celebraron dous funerais. Tamén na catedral de Lugo celebrouse outro funeral, organizado polo Cabildo³⁰. Tamén lle fixeron actos fúnebres

²⁸ Ver cita 25.

²⁹ SANTOS, Ignacio.: *Vida del P. Juan Conde*. Tui: Tipografía Regional, 1902.

³⁰ RIVERA VÁZQUEZ, Evaristo.: El P. Conde, Gran Misionero Jesuita, en *Lucensia*, n^o 20, páx. 160.

en moitas vilas e parroquias nas que impartira misións. Foi enterrado na parroquia de Quindimil. O bispo lucense López Murua mercouille unha sinxela lápida de mármore.

2.1.7. SAN BREIXO (SANTA MARÍA)

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 587.643 Y= 4.746.756

Esta cruz, de forma latina, e de mármore, está colocada na parte central da fachada da igrexa; amosa formas de trevo nos tramos finais de ambos os dous brazos. Na parte superior do brazo vertical amósase a inscrición “*JHS*”; nos tramos medio e inferior, maniféstase o epígrafe “*P.P. / JESUÍTAS / 8 SEPTIEMBRE* (as dúas palabras en sentido inclinado); no extremo inferior móstrase o título “*1963*”. Por outra banda, ao longo do brazo horizontal lese a inscrición “*SANTA MISIÓN*”. (Foto 12)

B. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 587.640 Y= 4.746.749

No lado esquerdo da fachada está situada esta cruz, de mármore, de forma latina, e que mostra nos extremos de ambos os dous brazos forma de trevo. En canto ás inscricións, ao longo do brazo horizontal amósase a lenda “*SANTA MISIÓN*”. No tramo superior do brazo vertical aparece a inscrición “*JHS*”; por riba da letra “*H*” hai unha pequena cruz latina; nos tramos medio e inferior maniféstase dun xeito lonxitudinal o epígrafe “*P.P. / DE LA / COMPAÑÍA / DE / JESÚS / 1º / OCTUBRE*”; como remate, no extremo inferior mostrase o título “*1926*”. (Foto 13)

2.1.8. PARROQUIA DE SAN MAMEDE DO CARBALLAL.

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 589.939 Y= 4.751.993

A cruz misional está colocada no muro lateral esquerdo preto da fachada. É de mármore, de estrutura latina, e presenta forma de trevo nos tramos finais dos seus brazos. Con respecto ás inscricións, ao longo do brazo horizontal móstrase a lenda “*SANTA*” (lado dereito), e “*MISIÓN*” (lado esquerdo). No tramo superior do brazo vertical amósase o epígrafe “*PADRES*” en horizontal; nos tramos medio e inferior, “*PASIONISTAS*” tamén en horizontal; como remate, no último tramo o epígrafe “*SEPTIEMBRE / 1942*”, colocado nun sentido vertical. Na intersección de ambos os dous brazos hai gravado un corazón, que amosa unha pequena cruz latina por riba. No seu interior lese a seguinte inscrición: “*JESDXPI / PASSIO*”; baixo a inscrición

maniféstanse tres cravos gravados. Este corazón así como a cruz, cravos e lenda, que hai no seu interior, fan alusión a “*Cruz dos Pasionistas*”, que estiveron aínda na vila de Melide (A Coruña) ata hai pouco tempo. (Foto 14)

2.1.9. PARROQUIA DE VILAREDA (SAN PEDRO)

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 593.017 Y= 4.744.719

No lado esquerdo da fachada da igrexa está colocada a cruz misional, de mármore, de forma latina, que amosa nos tramos finais dos seus brazos forma de trevo. No obstante a esta cruz faltalle o lado esquerdo do brazo horizontal. Con respecto as lendas ou epígrafes, que mostra a mencionada cruz, é mester mencionar que mentres no lado dereito do brazo horizontal lese a inscrición “*SANTA*”, no lado esquerdo só aparece unha “*M*”, aínda que se interpreta o que lle falta que é “*ISIÓN*”. Pola contra, a parte superior do brazo vertical amosa a lenda “*JHS*”, que posúe unha pequena cruz latina por riba da letra “*H*”³¹. A parte media do mencionado brazo mostra nun sentido inclinado a lenda “*P.P. / JESUÍTAS*”%. Como remate, o tramo inferior amosa o seguinte epígrafe: “*-20-28 / IX-1952*”. (Foto 15)

2.2. CRUCES INTERIORES.

Neste concello son de madeira e están adheridas ao muro lateral dereito da igrexa fronte á porta de entrada lateral; desta maneira adquiren un carácter de visibilidade de cara aos fregueses da comunidade. Ademais, amosan relevantes elementos ornamentais ligados coa Paixón de Cristo.

2.2.1. PARROQUIA DE AMBREIXO (SAN VICENZO)

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 588.508 Y= 4.749.691.

A cruz está anexada ao muro lateral esquerdo. É de madeira, de forma latina, e con rebaixes moldurados en ambos os dous brazos. En canto ás inscricións, no lado dereito do brazo horizontal maniféstase o epígrafe “*SANTA*”; pola contra, no lado esquerdo amósase o epígrafe “*MISIÓN*”. Polo que respecta ao brazo vertical, no sector superior móstrase a inscrición “*INRI*”; no sector medio, maniféstase dun xeito lonxitudinal o epígrafe “*PP / RE / DEN / TO / RIS / TAS*”%; no sector inferior o título “*1957*”.

³¹ Ver cita 25.

Ademais, a nivel ornamental, cómpre facer mención a dous motivos relevantes: a hostia e o cáliz – de cor verde- situados no tramo medio do brazo vertical. Así mesmo, na intersección de ambos os dous brazos maniféstase unha pequena cruz latina; e nos tramos finais do brazo horizontal, e no extremo inferior do brazo lonxitudinal, aparecen tres cravos adheridos á cruz. **(Foto 16)**

2.2.2. PARROQUIA DE CUIÑA (SANTA MARÍA).

A. CRUZ MISIONAL

COORDENADAS U.T.M. A= 588.885 Y= 4.751.124.

Trátase dunha cruz de madeira, de estrutura latina, que se encontra adherida ao muro lateral dereito da igrexa no seu tramo medio; nos extremos dos seus brazos amósanse formas de trevo. Esta cruz é a lembranza dunha misión que foi realizada no “Campo de Carballedo” na honra de *Bonifacio Díaz Paredes*, e pagada por *J. Viñas Carballo e Carmen Paredes Vázquez*.³² Nesta cruz maniféstanse inscricións e motivos ornamentais. En canto ás inscricións podemos sinalar as seguintes: no lado dereito do brazo horizontal lese a inscrición “*R.R.P.P.*” (Reverendos Pais); no lado esquerdo do mesmo brazo lese “*PASIONISTAS*”. Na intersección de ambos os dous brazos lese: “*JHS*”; por riba da letra “*H*” hai unha pequena cruz latina ³³. No tramo inferior do brazo vertical lese a inscrición “*J. VIÑAS*” / *AÑO* / *1954*”, colocada dun xeito lonxitudinal. **(Foto 17)**

Polo que respecta aos motivos ornamentais, estes están relacionados coa Paixón de Cristo. Así no lado dereito do brazo horizontal maniféstanse un martelo e a representación dunha lanza cunha esponxa no seu remate. No lado esquerdo do mesmo brazo móstranse as tenaces e a representación dunha lanza puntiaguda. Polo que respecta ao brazo vertical, móstrase no seu tramo superior a representación dunha coroa de espiñas; no tramo medio, unha escada de dez banzos con dous látegos cruzados e unha columna da flaxelación; no tramo inferior, tres cravos e unha palma ³⁴.

³² Informante. Esther Viña Campelo, da parroquia de Santa María de Cuiña.

³³ Ver cita 25.

³⁴ Símbolo do martirio e, tamén, do sacrificio.

2.2.3. PARROQUIA DE LAIA (SAN XOÁN).

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 592.318 Y= 4.750.564.

Trátase dunha cruz de madeira, de forma latina, que está unida ao muro lateral dereito da igrexa no seu tramo medio. Esta cruz representa a lembranza dunha misión, que foi doada por *Roxelio Varela* da “*Casa García*” de Laia .

Con respecto ás inscricións, no brazo horizontal maniféstase a inscrición “*SANTA*” no seu lado dereito; e “*MISIÓN*” no lado esquerdo. No brazo vertical e nunha orde descendente amósanse unha serie de epígrafes e motivos ornamentais: “*tres cravos*”; o epígrafe “*INRI*”; “*unha hostia*” na intersección de ambos os dous brazos; “*un cáliz*”; “*un crismón*”³⁵. Logo, nun sentido vertical a inscrición “*PP/R/E/D/E/N/T/O/R/I/S/T/A/S*”. Finalmente, no tramo inferior deste brazo maniféstase o epígrafe “*29/8/1975*”. (Foto 18)

2.2.4. PARROQUIA DE MARZÁ (SANTA MARÍA)

A. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. A= 592.974 Y= 4.746.087.

Esta cruz está gardada no interior da sancristía. É de madeira e de forma latina. Nos ángulos, que xorden da intersección de ambos os dous brazos, maniféstanse uns ornatos estrelados. Ademais, nos extremos de ambos os dous brazos amósanse formas semicirculares. Foi doada pola familia *Casanova* do lugar de “*A Vieira*”.

Polo que respecta ás inscricións, no brazo horizontal mostrase a lenda “*MARZÁ*” (parroquia onde se celebrou a misión). No brazo vertical maniféstase o epígrafe “*R/E/C/U/E/R/D/O/D/E/L/A/S/A/N/T/A/M/Y/S/Y/O/N*.” No tramo inferior do brazo vertical amósase nun sentido inclinado a inscrición “*30 – M/1946*”/. (Foto 19)

³⁵ Trátase das representacións máis usuais do monograma de Cristo.

V. OS VIACRUCIS.

Trátase dunha acción de devoción, moi común entre os cristiáns, que alude aos distintos momentos polos que pasou Xesús dende que foi detido ata a súa crucifixión e sepultura. Este itinerario está reflectido en catorce imaxes da Paixón, denominadas estacións. No caso que nos ocupa tamén recibe o nome de Vía crucis ao percorrido de catorce cruces, que indican o traxecto, onde se pode levar a cabo esta práctica piadosa.

No municipio de Palas de Rei podemos sinalar catro parroquias nas que se conservan algúns restos de Viacrucucis.

1ª. Nas igrexas parroquiais de *A Puxeda* e *Moredo* conservanse algunhas sinais en pequenas “cruces de madeira”, de estrutura latina, que se encontran adheridas ás paredes destes centros sacros. **(Foto 20)**

2ª. Na parroquia de *Marzá* hai dúas cruces de granito enriba do muro, que separa o adro do exterior. Unha consérvase en boas condicións ; pola contra, a outra só mantén a base. **(Foto 21)**

3ª. Finalmente, na parroquia de *Vilareda*, encóntranse doce cruces por riba do muro, que delimita o adro do exterior. Doce delas consérvanse en boas condicións, mentres que a outra está fragmentada. Estas cruces posúen unha base de dous corpos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, troncopiramidal. Esta serve de soporte a unha cruz de sección cuadrangular nos tramos finais, que amosa nos seus extremos unha forma de cruz potenziada. **(Foto 22)**

**TABOA DOS ORATORIOS, CRUCES DE MISIÓN E VIACRUCIS DO CONCELLO
DE PALAS DE REI (LUGO)**

PARROQUIAS	ORATORIOS	CRUCES DE MISIÓN	VIACRUCIS
ALBA		1. MÁRMORE	
AMBREIXO		1. MADEIRA.	
AGUAS SANTAS		1. MADEIRA.	
A PUXEDA			1 CRUZ DE MADEIRA
CUIÑA	1. SINXELO	1. MADEIRA.	
LAIA		1. MADEIRA.	
MARZÁ		1. MADEIRA.	2 CRUCES (1 ROTA)
MOREDO		1. MÁRMORE.	1 CRUZ DE MADEIRA
PALAS DE REI		2. MÁRMORE.	
PIDRE		1. MÁRMORE.	
QUINDIMIL		2. MÁRMORE.	
SAN BREIXO	1. CALVARIO	2. MÁRMORE.	
SAN MAMEDE DO CARBALLAL		1. MÁRMORE	
VILLAREDA		1. MÁRMORE	13 CRUCES (1 FRAGMENTADA)

VI. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ CAO, Charo.: “Palas de Rei”, *en Galicia, pueblo a pueblo*. A Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 983-987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando, BLANCO PRADO, J.M., e SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: *Cruceiros do Concello de Vilalba*, Vilalba (Lugo): I.E.S.CH. 2011.

BLANCO PRADO, *José Manuel*.: *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte (Lugo)*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1992.

BLANCO PRADO, José Manuel.: O complexo artístico-relixioso de San Breixo (Palas de Rei) (2), *en Boletín do Museo Provincial de Lugo. T. XIV*. 2011, páx. 123.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao.: Os Xesuítas e as Santas Misións en Galicia. Regueiro de Cruces, *en Actas do V Congreso Galego de Cruceiros*. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, Vigo, 2014

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: *Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX)*. Autor dos mapas de localización.

MUÑIZ, Manuel.: *Itinerarios polo Concello de Castroverde*, Lugo: Amigos do Patrimonio de Castroverde, 2011.

RIVERA VÁZQUEZ, Evaristo.: El P. Conde, Gran Misionero Jesuita, *en Lucensia, n° 20*, páx. 160

VII. ILUSTRACIÓNS.



FOTO Nº1. ORATORIO DA SANTA CRUZ. PARROQUIA DE SAN BREIXO



FOTO Nº 2. ORATORIO DA SANTA CRUZ. PARROQUIA DE SAN BREIXO



FOTO N° 3. ORATORIO DE SANTA MARÍA DE CUÍÑA



FOTO N° 4. CRUZ MISIONAL DO ORATORIO DE STA. MARÍA DE CUIÑA



FOTO N° 5. CRUZ MISIONAL DE SANTIAGO DE ALBÁ



FOTO N° 6. CRUZ MISIONAL DE SAN FIZ DE MOREDO



FOTO N° 7. CRUZ MISIONAL DE SAN TIRSO DE PALAS (1)



FOTO N° 8. CRUZ MISIONAL DE SAN TIRSO DE PALAS (2)



FOTO N° 9. CRUZ MISIONAL DE SANTA MARÍA DE PIDRE.



FOTO N° 10. CRUZ MISIONAL DE SAN MIGUEL DE QUINDIMIL (1)



FOTO N° 11. CRUZ MISIONAL DE SAN MIGUEL DE QUINDIMIL (2)



FOTO N° 12. CRUZ MISIONAL DE SAN BREIXO (1)



FOTO N° 13. CRUZ MISIONAL DE SAN BREIXO (2)



FOTO Nº 14. CRUZ MISIONAL DE SAN MAMEDE DO CARBALLAL



FOTO N° 15. CRUZ MISIONAL DE SAN PEDRO DE VILAREDA



FOTO N° 16. CRUZ MISIONAL DE SAN VICENZO DE AMBREIXO.



FOTO N° 17. CRUZ MISIONAL DE STA. MARÍA DE CUIÑA



FOTO N° 18. CRUZ MISIONAL DE SAN XOÁN DE LAIA



FOTO N° 19. CRUZ MISIONAL DE STA. MARÍA DE MARZÁ.



FOTO N° 20. RESTOS DE VIACRUCIS DE A PUXEDA.



FOTO Nº 21. RESTOS DO VIACRUCIS DE STA. MARÍA DE MARZÁ.



FOTO N° 22. RESTOS DO VIACRUCIS DE SAN PEDRO DE VILAREDA.